



TODOS Á MANIFESTACIÓN EN APOIO DOS COMPAÑEIROS DO METAL

GañemosCCOO chama a tódolos traballadores afectados polo convenio do metal a sumarse á folga convocada por CIG, UGT e CCOO, cuxo primeiro día se iniciará ás 10 da noite de hoxe, mércores 21.

E chamamos a tódolos traballadores, afectados ou non polo convenio, a apoiar a folga participando tanto nos piquetes como na manifestación do xoves 22.

A clase obreira leva anos sufrindo enormes recortes e retrocesos nas condicións laborais e de vida. É hora de dicir ¡basta!, é hora de reivindicar, é hora de saír á rúa, é hora da loita, é hora da solidariedade.

A sorte de calquera traballador está unida á sorte do conxunto dos traballadores porque os traballadores avanzamos ou retrocedemos como clase. Cando atacan a un, acaban por atacar a todos. Por iso, cando atacan a un, debemos sentir que nos atacan a todos e poñer en marcha a solidariedade. Isto foi o que levou a que, na asemblea xeral de Navantia-Ferrol celebrada o pasado xoves 15, *GañemosCCOO* propuxera unha saída á rúa dos traballadores da principal en apoio á folga do metal, cuxo convenio afecta a numerosos traballadores da industria auxiliar de Navantia.

Consideramos moi positivo que o comité de empresa

chame a tódolos traballadores de Navantia-Ferrol a acudir á manifestación do xoves, aínda que consideramos que tería sido máis axeitado debater e votar a proposta na asemblea xeral, para que así a mobilización fose un chamamento de toda a plantilla. En calquera caso, chamamos a tódolos traballadores da principal a devolverlle ós compañeiros da industria auxiliar o apoio que eles tantas veces nos teñen brindado.

Esperamos que este chamamento marque un punto de inflexión e sexa un primeiro paso para que no recinto de Navantia-Ferrol volva a haber un **único movemento obreiro** que aborde de forma conxunta calquera problema que afecte a un colectivo de traballadores, sexan da principal ou das compañías. O contrario sería seguir deixando abandonados ós traballadores subcontratados, entre os que impera unha precariedade brutal que dificulta enormemente a organización sindical, abandono que desgraciadamente vén sendo a tónica desde hai moitos anos.

PIQUETES:

MÉRCORES 21 ás 20:30 na PRAZA DE ARMAS

MANIFESTACIÓN:

XOVES 22 (saíndo ás 11:45 desde a porta do Arsenal)